


PROGRAMA DE PROMOCIÓN DO
USO DA BICICLETA
NO BARCO DE VALDEORRAS

O Concello do Barco de Valdeorras, a traveso dun convenio asinado co Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), pon en marcha un Programa BICIBARCO de fomento do uso da bicicleta no municipio.

BICIBARCO contribúe a:

- Reducir as emisións do CO₂.
- Redución do ruído
- Mellorar a calidade ambiental do noso municipio.
- Reducir a cantidade de vehículos a motor nas nosas rúas.
- Favorecer a mobilidade sostible.



BANDERA VERDE MUNICIPIO RESPONSABLE:
COMPROMISO AMBIENTAL

SERVIZO DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS
CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS

Praza do Concello nº 2
Teléfonos:
988 320 202 / 988 320 406

Teléfono de incidencias
616 402 882

Correo electrónico:
sostible@concellodobarco.org

Máis información:

www.concellodobarco.org

Oficina de Medio Ambiente
do Concello do Barco



CONCELLO
DO BARCO DE VALDEORRAS
CONSELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE
PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDAD DE CIUDADE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA



ahorra energía
Estratexia de aforro e
eficiencia enerxética en España (E4)
Plan de acción 2008-2012
Medida de PLANS DE
MOBILIDADE URBANA*

bici  barco

usa a bici

Servizo de préstamo de bicicletas



CONCELLO
DO BARCO DE VALDEORRAS
CONSELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE
PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDAD DE CIUDADE



Comofacerseusuario/adeBICIBARCO

Presentando un impreso de solicitude de alta debidamente cumprimentado na Oficina de Medio Ambiente do Concello do Barco de Valdeorras.

Impresos de alta: Oficina de Medio Ambiente do Concello do Barco de Valdeorras, e en

www.concellodobarco.org



Funcionamento do préstamo de bicicletas

Retirar a bicicleta: enviar un SMS desde o teléfono móbil indicado na solicitude de alta da persoa usuaria, ao número de teléfono establecido para o funcionamento do servizo 600 124 125, co seguinte formato de mensaxe: coger b(nº de bici) c(nº de candado)(código secreto).

Exemplo: "coger b88 c221 ab2012".

- Deben de deixarse os espazos en branco segundo se indica no exemplo.

Devolver a bicicleta: enganchala en calqueira candado dispoñible, asegurándose de que queda ben suxeita.

- Non será preciso enviar ningunha mensaxe para deixar a bicicleta na base.

Localización e horario dos puntos de préstamo

- **POLIDEPORTIVO CALABAGUEIROS**, Avenida Conde de Fenosa.
- **VLOIRA**, Avenida Elena Quiroga.
- **SAN ROQUE**, Avenida Florencio Delgado Gurriarán.
- **PRAZA ANDRÉS DE PRADA**.

Horarios do servizo

Todos os días da semana durante todo o ano, incluídos os festivos:

- De outubro a marzo: de 8:00 a 20:00 horas.
- De abril a setembro: de 8:00 a 23:00 horas.

Non se prestará o servizo nos días 25 de decembro e 1 de xaneiro.

A utilización da bicicleta limitarase a tres horas, debendo a persoa usuaria depositala en calqueira das bases do sistema antes de que transcorra dito período.



Consellos

- Respecta o Código de Circulación.
- Respecta a Ordenanza reguladora das normas de uso do sistema de préstamo de bicicletas do Concello do Barco de Valdeorras.
- Adianta sempre facendo as manobras de xeito progresivo e con seguridade, indicándoa e asegurando de que te víron.
- A velocidade non debe exceder da que che permita manobrar ou frear con total seguridade.
- Faite notar mediante o timbre, sinaliza as túas manobras claramente e con antelación.
- Realiza unha conducción prudente.
- Ten en conta que o peón ten prioridade fronte as bicicletas.
- Utiliza o casco e o chaleco reflectante, son un elemento que aumenta a seguridade.
- Asegura ben a bicicleta, si podes debes enganchala a un punto fixo do cadro e as dúas rodas. Escolle lugares concorridos para evitar roubos.
- Evita levar auriculares, xa que non che permiten controlar o tráfico.
- Faite respectar, pero non escatimes en prevención.